



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ELABORACIÓN DUNHA INVESTIGACIÓN DIAGNÓSTICA-AVALIATIVA E PROSPECTIVA SOBRE A FORMACIÓN E A PROFESIONALIZACIÓN NA ACCIÓN CULTURAL PÚBLICA EN GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Políticas Culturais ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 20 de xuño de 2020

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Santiago de Compostela (Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental, SEPA-interea) para a elaboración dunha investigación diagnóstica-avaliativa e prospectiva sobre a formación e a profesionalización na acción cultural pública en Galicia, poñendo énfase nas distintas circunstancias que concorren nos seus perfís formativos, profesionais e sociolaborais en distintos contextos e realidades, fundamentalmente no ámbito das Administracións Locais de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





Constituírase un equipo de investigación, baixo a dirección-coordinación do profesor Dr. José Antonio Caride, Catedrático de Pedagogía Social na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade Santiago de Compostela, coa participación de PDI das tres universidades galegas, con docencia e investigación nos campus de Santiago de Compostela, Lugo, A Coruña, Ourense e Pontevedra.

Este grupo de investigación constituído polas tres universidades galegas fixo no ano 2006 -2007 un estudo avaliativo das carencias, das necesidades e das demandas formativas dos-das responsables técnicos-as das institucións de titularidade pública e privada de interese público no ámbito da xestión e da acción cultural na Comunidade Autónoma.

As actuacións obxecto deste convenio son unha mera actualización do traballo de investigación realizado en 2006-2007 cúa titularidade e uso común son da Consellería e da Universidade de Santiago de Compostela.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrência, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

